

# Capela da Carballeira de San Xusto



## Descrición

A pequena ermida conserva o presbiterio cuberto, do século XV/XVI, con bóveda de nervaduras. Remata en cúpula central dun só van.

Ten un pequeno adro pechado por muro baixo que quizais fora en orixe ao que se lle engadiu recentemente un crecemento en altura transformándose nun pórtico de acceso sobre columnas con tellado a tres augas. Neste soportal ábrese o acceso principal, porta alintelada enmarcada por pilastras caixeadas que rematan en liña de imposta, e dous pequenos vaos enreixados sobre os que se sitúa o lintel con inscrición de ampla lectura con data de referencia de 1772. Todo este conxunto de pezas está enmarcado por un arco estrutural que lle dá protección.

Tamén acceso lateral de menor escala con inscrición no lintel con data de 1820. Tanto a cuberta coma o soportal de acceso foron reconstruídos en formigón armado deixando á vista as viguetas e entrepanos de alixeiramento.



## Adscrición cultural

Sen definir

Tipoloxía

Capela

## LOCALIZACIÓN

Parroquia

San Xurxo de Sacos

Lugar

## Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 540367 Y: 4707534

## Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.510107 O

Latitude: 42.517201 N

